

Acción e reflexión

Narrativa Libro precipitado do habelente Sierra Veloso

Dous anos despois de quedar finalista do Lueiro Rey de Novela Curta, con *Licor de abelá con xeo*, e de levar o Risco de Creación Literaria por *Os mércores de Fra*, Xurxo Sierra Veloso vén de dar ao prelo *Os nomes do traidor*. Á luz desta cuarta entrega pódese observar xa, no autor que se estreara c' *Os ollos de rei de copas* en 1994, unha moi loable teima por mudar de temática, estilo e xénero en cada proxecto. Por desgraza, se *Licor de abelá con xeo* constituía unha fina sátira metaliteraria moi ben levada e *Os mércores de Fra* nos sorprendeu como un dos retos narrativos tecnicamente máis impecables dos últimos anos, non nos parece que a cuarta novela do autor estea á altura das anteriores.

Téntase aquí, segundo a contrapapa, unha difícil hibridación entre a novela negra e a psicolóxica, pero cada unha das escoras xenéricas acaba empecendo á outra. Por unha banda, a axilidade que esixe a intriga criminal vese demorada polo aprofundamento psicolóxico. Pola outra, o xénero policial impón uns arquetipos humanos moi malos de matizar etiologicamente. Podemos case apalpar o esforzo por dotar de entidade, por exemplo, ao personaxe do narco, pero o único que se consegue, todo o máis, é presentalo como un cultivador do crime coma unha das belas artes. Paradoxalmente, nos momentos psicolóxicamente decisivos da trama, evádese a responsabilidade de profundar nas motivacións do protagonista escudándose na propia incapacidade do personaxe para entendelas. A impresión xeral é a de que unha peripecia argumental moi espectacular, a de sacar de Colombia dúas toneladas de cocaína en dezasete cadaleitos, acaba por escravizar o resto da novela e por comprometer en non poucas ocasións a súa verosimellanza.

Os nomes do traidor ·

Xurxo Sierra Veloso ·

Xerais, 2008 ·

208 páx · 16 euros



Con todo, o relato contén trazos do que poderíamos denominar certas constantes temáticas de Sierra Veloso que, de seren adecuadamente desenvolvidas, habían poder dar unha obra ben interesante. Referímonos, por exemplo, ao protagonista illado e anódino, completamente inseguro a respecto da súa identidade, que xa aparecía n' *Os mércores de Fra*. Nesa liña, albíscase nun momento determinado un posible xogo de contrastes moi interesante entre un protagonista libre pero preso, illado e baleiro, e un antagonista, o narco, preso pero libre, en contacto co exterior e cheo de ideas. Así mesmo, os misterios relacionados coa veciñanza de Delanuit na urbanización de chalés acaroados e a reviravolta final que os desvela, constitúen a parte máis afortunada da novela en canto a intriga e suspense, e fainos desexar que o relato se zafase do lastre da ficción político-policial internacional para se centrar na estraneza do cotián que tan ben demostrou domear o autor en traballos anteriores.

En resumo, achamos que se ben é certo que Xurxo Veloso non acadou por *Licor de abelá con xeo* e *Os mércores de Fra* o recoñecemento que dende aquí lle reivindicamos e do que o consideramos merecente, tamén nos parece que este último traballo dá mostras dunha certa precipitación que non nos parece propia dun autor da súa habelencia nin da prudencia exemplar que demostrou ao agardar doce anos para publicar a súa segunda e terceira entregas. // **Leonardo F. Campos**